



IES de Mugarodos. Departamento de GALEGO

ESO

MATERIA	Lingua Galega e Literatura
PROFESOR/A	Serafín Álvarez Rodríguez

1.º ESO
2016 - 2017

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN		2.ª AVALIACIÓN		3.ª AVALIACIÓN	
GRAMÁTICA A comunicación humana. A palabra.	Elementos da comunicación. Clases de palabras variables e invariables.	GRAMÁTICA Clases de palabras	Pronome persoal. Regras básicas de colocación do pronome átono. Pronome determinante.	GRAMÁTICA Clases de palabras	O verbo. Conxugación. Palabras invariables: adverbio, preposición.
ORTOGRAFÍA	Alfabeto galego. Dígrafos. Orde alfabética. Símbola tónica. Regras xerais de acentuación. Ditongos, tritongos e hiatos; diérese.	ORTOGRAFÍA	Casos especiais de acentuación. O acento diacrítico. A puntuación.	ORTOGRAFÍA	Uso dalgunhas grafías: b,v; h; x,s. Grupos consonánticos
SOCIOLINGÜÍSTICA Plurilingüismo (I)	Patrimonio lingüístico mundial. Familia indoeuropea. Linguas de Europa. Linguas románicas.	SOCIOLINGÜÍSTICA	Linguas da Península Ibérica. O galego.	SOCIOLINGÜÍSTICA	Prexuízos lingüísticos. Normalización.
GRAMÁTICA Clases de palabras: o nome.	Substantivo e adxectivo. Concordancia. Xénero e número.	LEXICO	Tempo cronolóxico. Tempo atmosférico.	LÉXICO	Alimentación. Animais e plantas.
LÉXICO	Léxico do corpo humano e a vestimenta. O parentesco.	EXPRESIÓN ESCRITA	Xéneros xornalísticos: a noticia. O anuncio.	EXPRESIÓN ESCRITA	Creación de textos variados
EXP. ESCRITA	Biografía, diario e carta.	EXPRESIÓN ORAL	Que tempo vai? Cando ocorreu?	EXPRESIÓN ORAL	As mascotas. Descrición da paisaxe.
EXPRESIÓN ORAL	Presentación persoal	LITERATURA	Xénero lírico.	LITERATURA	Xénero dramático.
LITERATURA	Linguaxe literaria. Xénero narrativo.	PROXECTO	Lectura de escolma poética Recital poético Letras Galegas. Anuncio radiofónico.	PROXECTO	Lectura obra dramática. Representación teatral na aula. Mural de grandes personaxes da literatura infantil e xuvenil.
PROXECTO	Lectura "Palabras de Caramelo" e presentación de traballo.				

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	10 %		
Conceptos e procedementos	90 %	Probas escritas	60 % (Dúas probas por trimestre)
		Traballos/Proxectos	20 %
		Lecturas	10 %

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma das partes. Esta non se realizará se nalgunha das probas escritas ou orais (incluído o exame do libro de lectura) se obtén menos dun catro. Nas producións de clase-casa non se aplica esta condición. A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6=6.

Descontarase por faltas de presentación ou ortográficas leves (0,05), graves (0,10) e moi graves (0,20) ata un máximo de 2 puntos, segundo estes criterios:

Se un alumno falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, non se recollen fóra de prazo.

No caso de detectar que se copia nun exame retirarase a proba inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. De negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións, sempre que non haxa menos dun 4 en ningunha delas. Quen non chegue ó cinco poderá realizar un exame final de recuperación. As lecturas obrigatorias poden recuperarse ó longo do curso ou no exame final.

Na proba extraordinaria de setembro entra todo o temario e as lecturas acordadas co alumnado.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/Non

Lecturas Obrigatorias

1º trimestre: Elixir entre LEDICIA COSTAS, *Esmeraldina, a pequena defunta*. Xerais. - ROAL DALH, *Matilda*.

Obradoiro.

2º trimestre: Elixir entre JORDI SIERRA, *Kafka e a boneca viaxeira*. Galaxia. - PAUL JENNING, *Vaiche boa!* Xerais.

3º trimestre: Elixir entre J. KELLY, *A evolución de Calpurnia Tate*. Kalandaka-Factoría K - CARE SANTOS, *Mentira*. Rodeira

Lecturas de aula (subministradas polo departamento e a biblioteca)

1º trimestre: GONZALOMOURE, *Palabras de Caramelo*.

2º trimestre: escolma poética

3º trimestre: NUÑEZ SINGALA, *O achado do castro*

Lecturas voluntarias

Listaxe de lecturas recomendadas, de carácter voluntario. Poden subir ata 0,5 puntos por obra.

TIC

Aula Abalar. Cartafol dixital de traballos. Gravación da voz.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

- Participación nas actividades do EDL... Concurso 1.º trimestre, pode subir ata 1 punto ao gañador/a.
- Proxectos solidarios: charla de ASPANEMI sobre a recollida de tapóns solidarios.
- Participación no proxecto de centro: "Nós, feminino plural"